

ACTA REDE BARRIOS E VILAS DA BISBARRA 11-7-11

Orde do día:

- 1-convocatoria 23 xullo
- 2-comunicacións alternativas
- 3-barrios
- 4-acampada

Acórdase pasa-lo 4º punto ó principio para deixalo listo.

1-Acampada: veñen á reunión representantes da Acampada Obelisco como barrio. Os demais non a consideran como tal.

Proposta da Acampada: crear Asemblea Obelisco como Asemblea de barrio (centro).

Proposta dos demais barrios: deben ratificar puntos en común cos demais barrios, e despois a proposta será levada ás demais asembleas da bisbarra para ver si os aceptan.

2-Convocatoria 23 Xullo

- En apoio á marcha indignada sobre Madrid.
- As asembleas “periféricas” acordan achegarse á praza da Palloza (A Coruña) ás 19:30 e despois desprazarse ata Praza de Ourense (20:00) para continuar todos xuntos ata María Pita.
- Enviarase unha carta ás cidades galegas informando e suxerindo que se sumen.
- Hai xente que quere ir directamente á Madrid para apoiar directamente a chegada d@s.indignad@s. Recolleranse nomes da xente das asembleas interesada nisto. Encárgase xelaura@hotmail.com de Palavea (enviarlle os datos desa xente).
- Precisamos un “permiso” xeral dende Pza. Ourense a María Pita, e outro para as asembleas que vaian ata a Palloza. Solicitarase a ALFREDO que o redacte cando se coñeza a ruta exacta a seguir.
- DIFUSIÓN: cartaces, facebook, twitter, blog, comunicado prensa.
 1. Cartaces: Rubén de Conchiñas (prazo ata Xoves para amosalo nas Asembleas, senón Lorenzo). Lema suxerido: “CAMIÑANDO POR UNHA SAÍDA SOCIAL Á CRISE” e demais datos (convocan Asembleas Populares de Barrios e Vilas da Bisbarra, 15M, data, hora, lugar da concentración,... Suxírese un espacio para as rutas previas ata Pza. Ourense, e outro con algo máis de contido acerca da manifestación).
 2. Facebook: Lorenzo dende o grupo FB de Monte Alto. Un só evento xeral con toda a info e horas de convocatoria para os barrios e vilas, que se irá engadindo.
 3. Blog: mail a Marta Conchiñas.
 4. Twitter: cada usuario e asemblea fará difusión pola súa conta. Posible hashtag “Marcha23J”?
 5. Comunicado: Roberto o envía á listaxe e despois Marcos ós medios.
 6. Octavillas.

3-Comunicacións alternativas: ter en conta ós medios alternativos linkados no blog (Kaos en la Red, Altermundo, etc...) e comezar a facer os nosos propios videos e promos.

Grabar todo (Grupo Ninja?) e colaborar todos con grabacións e fotografías para comezar a crear un arquivo de imaxes.

Juan Cambre (jmalax@yahoo.es) fará unha pequena promo referida ó 23 de Xullo. Precisa material.

4-Barrios:

- Oleiros: proposta de mellora do transporte (texto da proposta está na lista de correo 11-7-11). O resto de barrios suxíren a inclusión de referencias ó transporte adaptado, bus

urbano, sostibilidade e relaciona-las súas deficiencias con intereses inmobiliarios e económicos. Acampada suxire aludir á eliminación do carril bus na Coruña. Acórdase facer unha proposta similar pero específica para o AVE.

- Agra-Conchiñas: documentos sobre difusión e asamblearismo, para enviar ós barrios e vilas e amplialos. Asemblea temática ENSINO (convocarase a sindicatos). Suxírense facer camisetas, pegatas e bandeirolas e vendelas (para 27 Agosto en Cambre?).
A raíz do tema da difusión, Palavea informa que teñen problemas coa colocación de publicidade das reunións e actividades. Solicítase a Alfredo e Juan asesoría legal sobre difusión (cartaces, octavillas, ... consultar Ordenanza Municipal Residuos Urbanos art 81,82).
- Arteixo: carta en apoio á nena musulmana expulsada do colexio este curso. Pídenlle sumarse. A raíz disto a comunidade musulmana de Arteixo síntese incluída no 15M. Proponse unha charla polos barrios por parte dos afectados.
- Acampada: eliminación do carril bus. Traballo de Juan (arquitecto) sobre o tema.
- Cambre: cara 27 agosto, pedirán colaboración.
- Montealto: charlas sobre Política Urbanística e Vivenda a cargo de M. Reimúndez e pacto do Euro (ATTAC). Pasarán polos demais barrios.